



CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19
15293 CARNOTA (A Coruña)
C.I.F.: P-1502000-A
Telf.: 981 857032
Fax: 981 857251

RESOLUCIÓN MODIFICACIÓN TRIBUNAL PROCESO SELECTIVO PARA A CONSTITUCIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO PARA CUBRIR POSTOS DE PEÓNS/PEOAS DE LIMPEZA DE INSTALACIÓNS, MEDIANTE A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL

ANTECEDENTES:

Por resolución da alcaldía de data 20/01/2022 procedeuse a aprobar a listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas no selectivo para a constitución dunha bolsa de emprego para cubrir as posibles vacantes nos postos de peóns/peoas de limpeza de instalacións e nomear o Tribunal cualificador de conformidade coa cláusula 6 das bases da convocatoria aprobada por resolución da alcaldía número 445 do 30/07/2021.

Debido a causas de forza maior a presidenta do tribunal nomeada, María José Lago Freire, non poderá formar parte do mesmo polo que se debe designar un suplente.

Polo exposto **RESOLVO**

Modificar a constitución do Tribunal cualificador, que estará composta polos seguintes membros:

Cargo	Identidade
Presidente	Inocencio Álvarez Lago, funcionario do Concello de Carnota
Vogal	José Antonio Maceiras Martínez, funcionario do Concello de Carnota
Vogal	Jesús López Rama, funcionario do Concello de Carnota.
Vogal	José Manuel Figueira Freire, funcionario do Concello de Carnota
Secretaria	María Dolores Maceiras Martínez, funcionaria do Concello de Carnota.

Contra estes nomeamentos poderá promoverse recusación nos termos previstos no artigo 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

No caso de que se deran causas de forza maior que impidan a actuación dalgún dos titulares, o alcalde ditará resolución nomeando un suplente, o que se fará público aos efectos previstos.

NATUREZA DA RESOLUCIÓN E RECURSOS. Contra a presente resolución que pon fin a vía administrativa poderá interpoñerse alternativamente RECURSO DE REPOSICIÓN potestativo ante o mesmo órgano que a ditou, no prazo de un mes a contar desde o día seguinte ao da recepción da presente resolución, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; ou ben interpor directamente recurso contencioso-administrativo, o *Xulgado do Contencioso-Administrativo de A Coruña*, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Si optase por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que poida interpor Vd. calquera outro recurso que puidese estimar máis conveniente ao seu dereito.



CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19
15293 CARNOTA (A Coruña)
C.I.F.: P-1502000-A
Telf.: 981 857032
Fax: 981 857251

O alcalde

Dou fe. O secretario

Juan Manuel Saborido Rama

José Luis Veiga Sierra